



Contido

1. Nomear os ficheiros1
2. Modificar a extensión dun ficheiro.....2

Os ficheiros identifícanse co nome e a extensión do seguinte xeito:
nomedoficheiro.extension

O nome permítenos diferenciar uns ficheiros doutros, mentres que a extensión define o tipo de ficheiro e, polo tanto, as súas propiedades.

1. Nomear os ficheiros

Nomear e clasificar correctamente os ficheiros facilitará calquera busca que realicemos.

Hai que ter en conta as seguintes normas básicas para evitar problemas:

1. **usar nomes cortos e descritivos**; así é mellor **bioloxia_tarefa1.docx** que tarefa1.docx
2. **non usar espazos entre palabras no nome do ficheiro (ou cartafol)**; para separar palabras usar o guión (-) ou mellor o guión baixo (_), por exemplo: **bioloxia_tarefa1.pdf** e non bioloxia tarefa 1.pdf
3. **non empregar acentos nin caracteres especiais** (por exemplo, non poden empregarse nunca: barra /, dous puntos :, asterisco *, aspas “, interrogación ?, maior ou meor que > <, punto .,)

Para nomear os ficheiros (ou cartafóis) podemos empregar diferentes criterios, dependendo do que nos interese. Vexamos algunhas situacións que se poden dar:

- **para enviar tarefas ao profesorado** o nome debe incluír o nome da tarefa e, a continuación, o teu nome, así: **nomedatarefa_nomeapelidoalumno.pdf**
- de ser necesario ter en conta a data, podería interesarnos nomear ficheiros do seguinte xeito:
- **anomesdia_nomedatarefa.extension**, por exemplo: 200923_tarefa1_bioloxia.pdf



2. Modificar a extensión dun ficheiro.

As extensións máis empregadas nos ficheiros de datos son as seguintes:

De texto: txt, doc, docx, .odt, .ott, pdf, etc

De follas de cálculo: csv, xls, etc

De presentacións: pptx, ppts, ppt, etc

De imaxe: jpg, gif, bmp, png, tiff, xcf, etc

De vídeo: avi, mp4, mpeg, mwv, ogv, etc

De audio: mp3, wav, wma, ogg, etc

De arquivo comprimido: zip, rar, tar, gz, etc

De lectura: pdf, epub, azw, ibook, mobi, etc

Modificacións máis frecuentemente en ficheiros de texto:

- pasar un documento de texto con *extensión .odt* a *extensión .docx* ([Preme para ver un videotutorial](#))
- pasar un documento de texto con *extensión .odt* a *extensión .pdf* ([Preme para ver un videotutorial](#))

Ademais, podemos necesitar cambiar a extensión a imaxes, audios, vídeos... por exemplo para reducir o seu tamaño (sobre todo cando temos que compartilas a través da rede). Hai diferentes formas de logralo:

- empregando aplicativos que atopamos na maqueta Abalar instalados por defecto, por exemplo **GIMP** (modificación de imaxes), **Nautilus** (tamén permite a modificación rápida do tamaño e a orientación das imaxes), **Audacity** (para a conversión de arquivos de audio), **OpenShot** (para vídeo)... (*Estas opcións explicaranse noutra sesión de docencia*).
- empregando un conversor en liña, por exemplo online-convert.com Este procedemento é moi intuitivo; a súa problemática estará en que necesitaremos unha boa calidade de rede. O procedemento é: elixir o formato de saída do arquivo, subir o arquivo a modificar, facer clic en "converter" e descargar o arquivo co formato desexado.